



## CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

### ANUNCIO DE COBRANZA

#### Aprobación do padrón do servizo municipal de auga correspondente ó consumo do cuarto trimestre do ano 2024

Con data 12/03/2025, por esta Alcaldía apróbase inicialmente o padrón fiscal da taxa polo suministro de auga potable correspondente ao consumo de auga do cuarto trimestre do ano 2024 (do 1 de Outubro ao 31 de Decembro) por un importe total de 19.319,91 €.

O padrón aprobado exponse ó público nas oficinas do Concello de Zas durante 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP, a efectos de reclamacións. En caso de non formularse, entenderase aprobado automáticamente con carácter definitivo, significando que só se deterá a acción de cobranza, en relación cos suxeitos pasivos que efectúen alegacións, sen que afecte aos restantes suxeitos pasivos. O prazo de cobro en vía voluntaria para estes suxeitos pasivos comezará dende que se resolva a súa reclamación.

Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón, todos os interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día 14 de abril de 2025 ata o día 14 de xuño de 2025. O pagamento realizarase mediante domiciliación bancaria ou ingreso na conta que ten aberta o Concello para tal fin en ABANCA.

Transcorrido o período de cobro sinalado, iniciarase o período executivo que determina o dereito a percibir o recargo de prema e demais, de acordo co previsto nos artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria.

**Canon da auga:** a falta de pagamento do canon da auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Zas, a 14 de marzo de 2025.

O alcalde

Manuel Muíño Espasandín